

## CULTURA

---

### Varela cre que “non ten sentido” esixir a laicidade do Panteón de Galegos Ilustres

A. R.

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

O conselleiro de Cultura, Roberto Varela, sinalou onte que “non ten ningún sentido” falar da aconfesionalidade do Panteón dos Galegos Ilustres. “Hai unha sentenza do Tribunal Supremo que di que a titularidade é da Igrexa e non podemos facer nada que vaia contra o Tribunal Supremo”, sinalou Roberto Varela. Sobre as reivindicacións que se escoitaron o xoves en Santiago no cortexo cívico en honra a Rosalía de Castro sobre a laicidade do panteón, o conselleiro amosou a súa contrariedade. “Foi un acto de honra, pero sorprendeume que se pedise a apertura do panteón cando xa está aberto. Cumprín o compromiso de abril nun prazo de tempo moi curto”, sinalou o titular de Cultura da Xunta.

Para Roberto Varela o que debe regular o uso do panteón non é a aconfesionalidade ou a relixiosidade do recinto, senón o respecto por este símbolo de Galicia.

“O Supremo dixo que a titularidade é da Igrexa”, sinala o conselleiro

“O criterio non é a laicidade ou a non laicidade do panteón, o criterio debe ser o respecto aos galegos ilustres. Non hai dificultades ningunha á hora de realizar actos alí, pero hai que entender que actos son axeitados e cales non o son para facelos alí”, explicou o conselleiro.

Dende o seu punto de vista, os eventos que se desenvolvan no Panteón deben respectar as personalidades que alí descansan e ser axeitados ao contexto. “Non estou de acordo con que se fagan desfiles de modelos como se fixeron onde están os galegos ilustres, son limitacións que todo o mundo entende”, explicou o conselleiro de Cultura, que quixo poñer de exemplo moitos outros lugares europeos onde descansan persoeiros simbólicos e nos que non se realizan actividades como desfiles de moda. ■